



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Convivencia Escolar, Mediación e Resolución de Conflictos		Código	652536002	
Titulación	Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado	,	Correo electrónico			
Web	Véase la asignatura en la plataforma Moodle de la UDC				
Descrición xeral	<p>O desenvolvemento das sociedades do mundo e da convivencia humana a través do tempo, ata o actual período histórico de modernidade tardía, serve de telón de fondo para comprender o papel chave que xoga a convivencia e a mediación e resolución de conflitos nas institucións educativas. Trátase de situar a convivencia no seu xusto marco de aproximación conceptual e de elaboración práctica e activa, pois dito marco é máis amplo, complexo e dinámico do que a miúdo parece: transcende a cultura escolar e as distintas institucións educativas en xeral, englobando outros ámbitos formais e non-formais de acción e produción socio-cultural, como son a educación en familia, a cultura popular da comunidade local, os medios de comunicación de masas, e as diversas ámbitos institucionais do Estado.</p> <p>As institucións educativas están inseridas neste grande marco socio-político e cultural, un que, a súa quenda, se atopa inmerso noutro contexto aínda máis amplo de política internacional e transnacional que se move ao ritmo dun sistema económico cada vez máis globalizado: o capitalismo neoliberal. Neste escenario mundial de ámbitos tan interdependentes e complexos ?e de recursos naturais finitos?, a conflitividade xorde desde os desequilibrios de poder entre colectivos e individuos con intereses diverxentes, desequilibrios reflectidos nos propios sistemas educativos. Mais non son os conflitos, per se, o que ameaza o benestar, pois os conflitos son un aspecto natural das relacións humanas. A violencia xorde das formas en que ditos conflitos sexan afrontados. Se son intervenidos de xeito pacífico, poden incluso resultar creativos e produtivos á hora de procurar desde as comunidades educativas e locais unha convivencia cosmopolita que respecte a diferenza produto da diversidade de experiencias e procedencias, de crenzas, ideoloxías e identidades, de orientacións persoais e das prácticas culturais das persoas integrantes das comunidades locais.</p> <p>O alumnado desta materia aprenderá a afrontar con creatividade este escenario a través da cultura da paz e da nonviolencia para así fomentar, desde a dirección dos centros educativos, unha convivencia óptima tanto nos ámbitos institucionais participados, como, por extensión, nas comunidades multiculturais que os rodean.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A5	E5: Xustificar, planificar, propoñer e desenvolver programas de mellora da convivencia nos centros docentes.
B2	CB7: Que o estudiantado saiba aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	CB8: Que o estudiantado sexa capaz de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	CB9: Que o estudiantado saiba comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B5	CB10: Que o estudiantado posúa as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
B7	G2: Facilitar a mediación, xestión e resolución de conflitos, fomentando a non violencia, a prevención da conflitividade e a convivencia.



B14	G9: Dirixir estratexicamente: planificar, implementar e avaliar plans e proxectos dos centros educativos.
B16	G11: Integrar coñecementos e perspectivas para exercer a función directiva de maneira informada, xusta, crítica, comprometida, democrática, distribuída e solidaria.
C1	T1: Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas línguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	T3: Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercizo da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	T4: Desenvolverse para o exercizo dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero.
C7	T7: Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
1. Coñecer e comprender os diferentes contextos e dimensións da convivencia e da prevención, mediación e resolución de conflitos nas institucións educativas: unha visión de conxunto.		BM16	CM4
2. Analizar e interpretar os marcos epistemolóxicos para a convivencia harmónica nas institucións educativas.		BM3 BM5	
3. Identificar as abordaxes actuais ás prácticas en torno á convivencia, á prevención, á mediación e á resolución nonviolenta de conflitos nas institucións educativas.		BM2	CM3
4. Coñecer e valorar as diferentes normas, estratexias e prácticas de prevención de conflitos e de mellora da convivencia escolar e do clima institucional.		BM7	CM7
5. Planificar, xustificar, propoñer, impulsar e desenvolver programas de mellora da convivencia nos centros docentes.	AM5	BM4 BM14	CM1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Contextualización temporal, espacial e social da convivencia, mediación e resolución de conflitos nas institucións educativas: unha visión de conxunto	1a. Panorámica histórica. 1b. Perspectivas internacionais, estatais e autonómicas. 1c. A relación da convivencia nos centros educativos coa situación social actual.
2. Marcos epistemolóxicos para abordar a convivencia nas institucións educativas	2a. Influencias epistemolóxicas. 2b. Alternativas ás epistemoloxías dominantes. 2c. Ideoloxía e discurso.
3. Focaxes críticas sobre a praxe actual en torno á convivencia, a mediación e a resolución nonviolenta de conflitos nas institucións educativas	3a. Políticas educativas no ámbito da convivencia: macro e micropolíticas, plans e programacións (normas, estratexias, prácticas, formación e investigación neste ámbito). 3b. Poder decisorio e participación: comunidade educativa, familias, tipos e niveis de colaboración e convivencia. 3c. O papel do conflito e da súa prevención, mediación e resolución nonviolenta nas institucións educativas. 3d. Ética e reflexividade no fomento, na organización e na praxe da convivencia educativa: cultura da paz e da nonviolencia: valores, dereitos humanos e dereitos da infancia.
4. Perspectivas de futuro en torno á mellora da convivencia nas institucións educativas	4a. Desafíos educativos e sociais. 4b. Formación e investigación.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Estudo de casos	B2 B3 B14	1	6	7
Presentación oral	A7 A27 A31 B16	1	6	7
Traballos tutelados	A5 B2 B3 B4 B5 C1	1	10	11
Discusión dirixida	B4 B5 C1	9	1	10
Aprendizaxe colaborativa	A2 A13 A21 C4 C6 C7	4	6	10
Simulación	B7 B14	2	0	2
Análise de fontes documentais	A4 A10 A16 A19 A22 A25 B1 B17 C3	2	25	27
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Metodoloxía na que se analiza unha situación específica cun problema a ser entendida e valorada por un grupo de persoas a través dun proceso de discusión, e posteriormente (e hipoteticamente) intervida. Estes casos xurdirán nas clases ou nalgún das fontes bibliográficas lidas.
Presentación oral	Exposición grupal ante o grupo-clase dun documento escollido polo micro-grupo (de entre os títulos de documentos presentados en Moodle). Tempo total de exposición: 10-15 minutos. Despois de cada exposición haberá unha discusión dirixida co grupo-clase sobre o tema e os contidos expostos. Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, expoñendo temas, conceptos, principios, traballos, experiencias e feitos; propoñendo cuestións varias; comentando textos; e realizando aclaracións de forma dinámica.
Traballos tutelados	Desenvolvemento en parellas ou en grupos de tres dun traballo a partir ben dun estudo de caso, ben dunha revisión bibliográfica, en referencia a un fenómeno ou problemática da convivencia nas institucións educativas, con síntese crítica de perspectivas tanto teóricas como prácticas. Recoméndase a entrega dos traballos impresos sen plásticos de encadernación, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir bosquexos (racuños/bosquexos). Débese facer un uso sustentábel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Para máis información sobre o formato e o período de entrega do traballo, véxase o espazo da materia na plataforma Moodle.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que as/os integrantes dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un/ha ou máis moderadores/as (neste caso, as profesoras).
Aprendizaxe colaborativa	Dinámicas de grupos variadas, que se empregarán en clase nos debates e exposicións, no xogo de rol, na análise das fontes realizada en parella ou grupo, e nos traballos tutelados. Aparte de avaliar a nivel colectivo o grao de colaboración de cada grupo, o grao de participación de cada estudante nestas dinámicas colectivas avaliarase a nivel individual.
Simulación	Técnica de dinámica de grupos que ten como obxectivo axudar a desenvolver a perspectiva social e a empatía mediante a representación de diferentes papeis dentro de situacións conflitivas onde interveñen diferentes posturas que teñen que ser combinadas. Utilízase para traballar as relacións interpersoais, o comportamento, os valores e as actitudes.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou filmes, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia, con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como sínteses de contidos de carácter teórico ou práctico.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O alumnado, a través das titorías, recibirá orientacións e apoio para a realización da actividade formativa proposta.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A7 A27 A31 B16	Esta actividade consiste na participación en xeral (en clase e/ou a través do foro en Moodle), e tamén na exposición grupal en clase (de 10-15 minutos) dun artigo, informe ou capítulo de libro (a escoller entre os títulos que se presentarán en Moodle). Respecto á exposición grupal, valoraranse os aspectos a seguir: ? Calidade da participación na preparación desta actividade. ? Relevancia e organización dos contidos expostos. ? Coordinación da exposición (que reflecta un traballo colaborativo, non unha suma de partes). ? Nivel de comprensión dos contidos básicos. ? Capacidade analítica e de síntese. ? Claridade expositiva. ? Creatividade e innovación nas propostas.	20
Traballos tutelados	A5 B2 B3 B4 B5 C1	Valorarase a competencia do alumnado no resumo e na valoración argumentada de cada texto empregado na elaboración do traballo, así como na comparación entre os mesmos, coa fin de: ? realizar unha síntese crítica e orixinal, e ? analizar o caso ou a cuestión/problemática escollida.	80

Observacións avaliación

Para superar a materia, cada estudante debe obter polo menos o 50% dos puntos correspondentes a cada unha das actividades de avaliación. En caso de non superar a materia na primeira oportunidade, o alumnado poderá tentar superala na segunda oportunidade mediante a mellora das mesmas actividades. Alternativamente, poderá realizar unha proba mixta sobre os contidos da materia.

Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación.

De xeito excepcional, o alumnado que nunca participou nas sesións (nin de aula, nin de Teams, nin no Foro de Moodle) realizará o traballo tutelado, que lle valerá o 80% da cualificación final, así como unha pequena proba oral que lle valerá o 20% da cualificación final. A proba realizarase telematicamente ou por teléfono, en formato de entrevista que durará uns 30 minutos, aproximadamente. Como alternativa á proba oral, a/o estudante en cuestión pode optar por realizar unha proba mixta, con material, cun límite de dúas horas para a súa realización por Teams.

Fontes de información



Bibliografía básica

NOTA IMPORTANTE: Só algúns dos seguintes títulos serán seleccionados para a súa lectura obrigatoria. Recomendaranse outras obras durante a realización da materia. A listaxe de lecturas programadas para cada sesión atópase no espazo da materia no Campus Virtual. Acosta Mesas, Alberto (Ed.) (2008). Educación emocional y convivencia en el aula. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, Subdirección General de Información y Publicaciones. Ainscow, Mel (2001). Desarrollo de escuelas inclusivas. Ideas, propuestas y experiencias para mejorar las instituciones escolares. Madrid: Narcea. Ainscow, Mel; Black-Hawkins, Kristine; Booth, Tony et al. (2000). Guía para la evaluación y mejora de la Educación Inclusiva (Index for Inclusion): Desarrollando el aprendizaje y la participación en las escuelas. Bristol: CSIE. Alberich Nistal, Tomás (2007, novembro). Investigación-acción participativa y mapas sociales. Ponencia exposta en Benlloch (Castellón), Valencia. Recuperado o 27 de setembro de 2014 de: <https://www.uji.es/bin/serveis/sasc/ext-uni/oferim/forma/jorn/tall.pdf> Alleway, Lynn (Dir.) (1997). Testing Times (documental). Reino Unido: BBC / Lynn Alleway. Álvarez Cantalapiedra, Santiago (2011). Convivir para perdurar: conflictos ecosociales y sabidurías ecológicas. Barcelona: Icaria. Álvarez Lires, María M. (Coord.) (2008). Trazos de xénero da violencia escolar no ámbito galego. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Amnistía Internacional (2003, febrero). Educación en derechos humanos: asignatura suspensa (Informe sobre la formación en las escuelas de Magisterio y facultades de Pedagogía y Ciencias de la Educación en materia de derechos humanos). Madrid: Amnistía Internacional España. Recuperado o 19 de xullo de 2014 de: <http://www.amnistiacatalunya.org/edu/pdf/asignatura/informe-asig-dh-03.pdf> Ander-Egg, Ezequiel (2002). Metodología y práctica del desarrollo de la comunidad (34º ed.). Buenos Aires: Lumen. Apple, Michael W. (2002). Educar "como Dios manda": mercados, niveles, religión y desigualdad. Barcelona: Paidós. Apple, Michael W. e Beane, James A. (Coords.) (1997). Escuelas democráticas. Madrid: Morata. Apple, Michael W.; Au, Wayne e Gandin, Luis Armando (2011). Educação crítica: análise internacional. Porto Alegre: Artmed. Arnot, Madeleine (2009). Coeducando para una ciudadanía en igualdad. Madrid: Morata. Asociación Convives (2014, setembro). Revista Convives (Monográfico: "Las direcciones y la gestión de la convivencia"), Nº 8. Recuperado 17/07/2018 de: <http://convivesenlaescuela.blogspot.com/2014/12/revista-convives-n-8-las-direcciones-y.html> Asociación Convives (2018, marzo). Revista Convives (Monográfico: "Prácticas restaurativas y convivencia"), Nº 21. Recuperado 17/07/2018 de: <http://convivesenlaescuela.blogspot.com/2018/03/practicas-restaurativas-y-convivencia.html> Asociación de Enseñantes con Gitanos (2012). Mediación Intercultural (monográfico). Revista de la Asociación de Enseñantes con Gitanos, no. 29. Recuperado o 27 de setembro de 2014 de: <https://www.aecgjit.org/publicaciones/revistas.html#lg=1&slide=0> Auberni, Salvador (2007). Convivir en paz: la metodología apreciativa. Aproximación a una herramienta para la transformación creativa de la convivencia en centros educativos. Bilbao: Desclée de Brouwer. Ballestín González, Beatriz (2012). "¡Dile al negrito y al Cola Cao que paren de molestarnos!" Sociabilidad entre iguales y dinámicas de segregación en la escuela primaria. En F. J. García Castaño e A. Olmos Alcaraz (Coords.), Segregaciones y construcción de la diferencia en la escuela. Madrid: Trotta, pp. 119-142. Baraúna Teixeira, Tânia e Motos Teruel, Tomás (2009). De Freire a Boal: pedagogía del oprimido, Teatro del Oprimido. Ciudad Real: Ñaque. Barbeito Thonon, Cécile (2016). 122 acciones fáciles (y difíciles) para la paz. Madrid: Los Libros de la Catarata. Barkley, Elizabeth F.; Cross, K. Patricia; e Major, Claire Howell (2007). Técnicas de aprendizaje colaborativo. Madrid: Morata. Barrigüete Garrido, Miguel (2009). El profesorado ante la violencia y los conflictos escolares. Educatio Siglo XXI, Vol. 27.2, 207-232. URL: <https://revistas.um.es/educatio/article/view/91081/87811> Bauman, Zygmunt (2006). Miedo líquido. La sociedad contemporánea y sus temores. Barcelona: Paidós Estado y Sociedad. Beane, Allan (2006). Bullying: aulas libres de acoso. Barcelona: Graó. Benhabib, Seyla (2005). Los derechos de los otros: extranjeros, residentes y ciudadanos. Barcelona: Gedisa. Bereményi, Bálint-Ábel e Mirga, Anna (2012). ¿Perdido en la acción? Evaluación de los seis años del Plan Integral del Pueblo Gitano en Cataluña. Barcelona: Federación de Asociaciones Gitanas de Cataluña (FAGIC) y Grupo EMIGRA (Universidad Autónoma de Barcelona). Recuperado o 27 de setembro de 2014 de: https://www.academia.edu/2388762/_Perdido_en_la_accion_Evaluacion_de_los_seis_anos_del_Plan_Integral_del_Pueblo_Gitano_en_Cataluna._Informe_elaborado_por_FAGiC_y_EMIGRA_2012 Bereményi, Bálint-Ábel e Mirga, Anna (2013). ¿Reconocer, participar, empoderar? Dilemas y lecciones del Plan Integral del Pueblo Gitano en Cataluña. O Tchatchipen, pp. 4-13. Recuperado o 27 de setembro de 2014 de: https://www.academia.edu/4598105/Beremenyi_and_Mirga_2013_Reconocer_participar_empoderar_Dilemas_y_lecci



ones_del_Plan_Integral_del_Pueblo_Gitano_en_Cataluna._En_O_Tchatchipen_n.83_julio-septiembre_p.4-13 Bilbeny, Norbert (2016). Reglas para el diálogo en situaciones de conflicto. Madrid: Los Libros de la Catarata. Binaburo Iturbide, José Antonio e Muñoz Maya, Beatriz (2007). Educar desde el conflicto: guía para la mediación escolar (material didáctico). Barcelona: Ediciones Ceac / Consejería de Educación, Junta de Andalucía. Blanco Rábade, Manuel; Díaz Santalla, E.; Díaz Simón, Carme; Iribertegui Álvarez, C. e Sánchez Barreira, Ma T. (2007). Un programa para educar na convivencia: ?Vivir Xuntos, Convivir?. Revista Galega da Educación, no. 39, pp. 22-33. Blaya, Catherine; Debarbieux; del Rey Alamillo, Rosario e Ortega Ruiz, Rosario (2006). Clima y violencia escolar. Un estudio comparativo entre España y Francia. Revista de Educación, 339, 293-315. Recuperado o 23 de xuño de 2014 de: https://www.researchgate.net/publication/28119477_Clima_y_violencia_escolar_Un_estudio_comparativo_entre_Espana_y_Francia Boal, Augusto (1977). 200 ejercicios de teatro. Portugal: Cooperativa de Acao Cultural Scarl. Booth, Tony e Ainscow, Mel (2002). Guía para la evaluación y mejora de la educación inclusiva. Santiago de Chile: UNESCO / Bristol, CSIE. Recuperado o 23 de xuño de 2014 de: http://www.uam.es/personal_pdi/stmaria/sarrio/DOCUMENTOS,%20ARTICULOS,%20PONENCIAS,/Guia%20para%20la%20evaluacion%20y%20mejora%20de%20la%20educacion%20inclusiva.%2003.pdf Boqué Torremorell, M.C. (2005). Tiempo de mediación (material didáctico). Barcelona: Ediciones Ceac / Consejería de Educación, Junta de Andalucía. Borrajo, Gena (2007). O acoso escolar a análise. Eduga: Revista Galega do Ensino, no. 51 (Setembro-Dembro), pp. 16-21. Brandoni, F. (Coord.) (1999). Mediación escolar: propuestas, reflexiones y experiencias. Buenos Aires: Paidós. Brown, Babette (2009). Desaprender la discriminación en educación infantil. Madrid: Morata. Buckingham, David (2013). La infancia materialista: crecer en la cultura consumista. Madrid: Morata. Cagliaio y Conde, Jorge e Jimenez-Salcedo, Juan (Eds.) (2015). Políticas lingüísticas en democracias multilingües: ¿es evitable el conflicto? Madrid: Los Libros de la Catarata. Caínzos Rodríguez, María Paz (2012). Cara unha cidadanía inclusiva no ámbito rural galego: diagnóstico sobre xénero elaborado polo profesorado das bisbarras de Mondoñedo e Viana do Bolo. Santiago de Compostela: InteRed Galicia. Caínzos Rodríguez, María Paz (2015). A revolución dos coidados: tácticas e estratexias. Santiago de Compostela: InteRed Galicia. Caínzos Rodríguez, María Paz (2016). Percorre o teu labirinto: manual de xénero e autoestima. Santiago de Compostela: InteRed Galicia. Calatayud, Emilio (2014). Buenas, soy Emilio Calatayud y voy a hablarles de Educación. Madrid: Alienta. Camiñas, Tasio (2008). Mitos globales y alteridad: una mirada crítica sobre el poder mediático y el conflicto intercultural. Barcelona: Los Libros de la Frontera. Carrasco Pons, Silvia; Villà Taberner, Rita e Ponferrada Arteaga, Maribel (2016). Resistencias institucionales ante la mediación escolar. Una exploración en los escenarios de conflicto. Revista de Antropología Social, num. 25, 111-131. Caracciolo, Diane e Mungai, Anne M. (Eds.) (2009). In the spirit of Ubuntu: Stories of Teaching and Research. Rotterdam: Sense Publishers. Casamayor, G. e outros (1998). Cómo dar respuesta a los conflictos: la disciplina en la enseñanza secundaria. Barcelona: Graó. Casanovas, Pompeu; Marge, Jaume e Lauroba, M^a Elena (Eds.) (2011). Libro Blanco de la mediación en Cataluña (informe). Barcelona: Generalitat de Catalunya. Recuperado 17/07/2018 de: <http://www.llibreblancmediacio.com/> Castiñeira Blanco, J. M.; Cuiñas García, Ana B.; Figueroa Paz, Adela C.; Ramos Rodríguez, Xosé e colaboradores (2013). Un modelo de convivencia. Cambre, IES Alfonso X O Sabio (Premio Convivencia da Xunta de Galicia). Recuperado o 20 de xuño de 2014 de: <http://www.edu.xunta.es/web/node/11931> . Castro García, Carmen (2017). Políticas para la igualdad: permisos por nacimiento y transformación de los roles de género. Madrid: Los Libros de la Catarata. Chávez, Lisa e Frankenberg, Erica (2009). Integration defended: Berkeley Unified's strategy to maintain school diversity. Berkeley: The Civil Rights Project / Proyecto Derechos Civiles. Recuperado o 28 de xuño de 2013 de: [http://www.law.berkeley.edu/files/Integration_Defended_9.16.09\(1\).pdf](http://www.law.berkeley.edu/files/Integration_Defended_9.16.09(1).pdf) Chica Pérez, F. e outros (2007). Mi agenda de mediación (material didáctico). Jaén: Grupo SM / Consejería de Educación, Junta de Andalucía. Cobo, Rosa (Ed.) (2008). Educar en la ciudadanía: perspectivas feministas. Madrid: Los Libros de la Catarata. Colectivo Amani (2010). Educación intercultural: análisis y resolución de conflictos (nova ed.). Madrid: Los Libros de la Catarata. Colom i Ortiz, Ferran (2012). Desigualdades en el sistema educativo no universitario de la ciudad de Valencia. En En García Castaño, F. J. e Olmos Alcaraz, A. (Coords.), Segregaciones y construcción de la diferencia en la escuela. Madrid: Trotta, pp. 43-60. Concejo Educativo de Castilla y León (2004). El trabajo cooperativo, una clave educativa. Valladolid: Concejo Educativo de Castilla y León. Recuperado o 20 de xuño de 2014 de: http://www.deciencias.net/convivir/1.documentacion/D.cooperativo/Coopera_Concejo-2005_31p.pdf Consejo de Europa e Wood, Phil (2010). La ciudad intercultural paso a paso (Intercultural Cities). Guía práctica para aplicar el



modelo urbano de integración intercultural. Estrasburgo: Consello de Europa. Recuperado de: <https://rm.coe.int/CoERMPublicCommonSearchServices/DisplayDCTMContent?documentId=0900001680301b76> - [Nova edición en INGLÉS (2019): <https://rm.coe.int/CoERMPublicCommonSearchServices/DisplayDCTMContent?documentId=090000168048da42>]. Consejo de Europa (2018). Competencias para una cultura democrática: convivir en pie de igualdad en sociedades democráticas culturalmente diversas. Estrasburgo: Consejo de Europa. Consorcio Universitario para la Educación Inclusiva (2002). Index for Inclusion. Una guía para la evaluación y mejora de la educación inclusiva. Contextos Educativos, no. 5, pp. 227-238. Recuperado o 20 de xuño de 2014 de: <http://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/498293.pdf>

Cornelius, H. e Faire, S. (1995): Tú ganas, yo gano: cómo resolver conflictos creativamente. Madrid: Gaia.

Costello, Bob; Wachtel, Joshua e Wachtel, Ted (2011). Círculos restaurativos en los centros educativos: fortaleciendo la comunidad y mejorando el aprendizaje. Bethlehem (PA): International Institute for Restorative Practices [Segunda edición en español de CECOSAMI Prerensa e Impresión Digital, S. A., Lima, Perú].

Costello, Bob; Wachtel, Joshua e Wachtel, Ted (2011). Manual de prácticas restaurativas: para docentes, personal responsable de la disciplina y administradores de instituciones educativas. Bethlehem (PA): International Institute for Restorative Practices [Segunda edición en español de CECOSAMI Prerensa e Impresión Digital, S. A., Lima, Perú].

Dadzie, Stella (2004). Herramientas contra el racismo en las aulas. Madrid: Morata / MEC.

De Botton, Lena; Puigvert, Lidia e Taleb, Fátima (2008). El velo elegido (3ª ed.). Barcelona: El Roure.

Dewey, John (1916/1995). Democracia y Educación. Madrid: Morata.

Díaz-Aguado, Mª José (2002). Educación intercultural y aprendizaje cooperativo. Madrid: Ediciones Pirámide.

Díaz-Aguado, Mª José (2003). Aprendizaje cooperativo y prevención de la violencia. Milenio? Revista Digital, 178. (Re-impresión da publicación orixinal no Boletín del Ilustre Colegio Oficial de Doctores y Licenciados en Filosofía y Letras y en Ciencias, No. 145, maio, 35?39).

Díaz-Aguado, María José (2006). Del acoso escolar a la cooperación en las aulas. Madrid: Pearson.

Díaz-Aguado, Mª José (Dir.) (2010). Estudio estatal sobre la convivencia escolar en la Educación Secundaria Obligatoria. Madrid: Ministerio de Educación - Observatorio Convivencia Escolar. Recuperado o 20 de xuño de 2013 de: https://convivencia.files.wordpress.com/2011/01/observa_conviv_2010.pdf

Domingo, Virginia (2013). Justicia restaurativa: mucho más que mediación. Burgos: PressBooks.com.

Dorfman, Ariel (2010/2011). Narrative Dignity, Hidden Memories: A Meditation on Reconciliation, From Chile to South Africa & Beyond. The Common Review, Fall/Winter. Recuperado 15/07/2018 de: <http://www.thecommonreview.org/article/article/narrative-dignity-hidden-memories.html?sp=1>.

Duran, D. i Vidal, V. (2004): Tutoría entre iguales: de la teoría a la práctica. Barcelona: Graó.

Enseñantes con Gitanos (2012). Revista de la Asociación de Enseñantes con Gitanos (monográfico sobre Mediación Intercultural). Nº 29.

Escarbajal Frutos, Andrés (2010). Interculturalidad, mediación y trabajo colaborativo. Madrid: Narcea.

Escudero Pérez, José e Martínez Ten, Luz (Coords.) (2008). Ochenta actividades para educar lúdicamente en valores y ciudadanía. Madrid: Los Libros de la Catarata.

Essomba Gelabert, Miquel A. (2006). Liderar escuelas interculturales: equipos directivos y profesorado ante la diversidad cultural y la inmigración. Barcelona: Graó.

Essomba Gelabert, Miquel A. (2008). 10 Ideas clave: la gestión de la diversidad cultural en la escuela. Barcelona: Graó.

Eurydice (Coord.) (2005). La educación para la ciudadanía en el contexto escolar europeo. Burselas/Madrid: Eurydice. Recuperado o 11 de Agosto de 2013 de: <http://www.oei.es/valores2/055ES.pdf>

Fabra, Mª Lluïsa (1999). Técnicas de grupo para la cooperación. Barcelona: Ceac.

Fernández Garcés, Helios; Jiménez González, Nicolás (Coord.) e Motos Pérez, Isaac (2015). Guía de recursos contra el antigitanismo. Valencia: Federación Autonómica de Asociaciones Gitanas de la Comunidad Valenciana.

Fernández González, Luzia Oca (2006). La dialéctica de la inclusión versus exclusión de I@s inmigrantes: retórica y realidad. En M. Á. Santos Rego (Coord.), Estudios sobre flujos migratorios en perspectiva educativa y cultural. Granada: Grupo Editorial Universitario, pp. 171-192.

Floyer Acland, A. (1993): Cómo utilizar la mediación para resolver conflictos en las organizaciones. Barcelona: Paidós.

Freire, Paulo (1977). Pedagogía del oprimido. Ciudad de México (Distrito Federal): Sigilo XXI.

Fundación Secretariado Gitano (ca. 2006). Retos en los contextos multiculturales. Competencias interculturales y resolución de conflictos. Madrid: Fundación Secretariado Gitano. Recuperado o 18 de Decembro de 2013 de: [http://www.gitanos.org/publicaciones/retoscontextosmulticulturales/Fundación Secretariado Gitano](http://www.gitanos.org/publicaciones/retoscontextosmulticulturales/Fundación%20Secretariado%20Gitano) (2013). El alumnado gitano en secundaria: un estudio comparado. Madrid: FSG.

Galtung, Johan (1998). Tras la violencia, 3R: reconstrucción, reconciliación, resolución. Bilbao: Bakeaz.

Gálvez Muñoz, Lina (Ed.) (2016). La economía de los



